



COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

CIRCULAR Nº 6/2022

Asunto: **Novas tarifas de arbitraje do Comité Galego de Xuíces**

A Asemblea Xeral da Federación Galega de Atletismo, reunida en Santiago de Compostela o 26 de marzo de 2022, aprobou as novas tarifas de arbitraje do Comité Galego de Xuíces que entrarán en vigor a partires do 1 de abril de 2022.

O novo documento de tarifas aprobado adxúntase a esta circular para xeral coñecemento.

A Coruña, 30 de marzo de 2022

Vº Bº

O SECRETARIO XERAL DA FGA

Asdo./ Carlos Castro Vicente

(no orixinal)

PRESIDENTE DO CGX

Asdo./ Ángel López-Montesinos Vázquez

(no orixinal)



TARIFAS DE ARBITRAXE COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

(Aprobadas en Asemblea Xeral o 26 de marzo de 2022)

TARIFA BASE POR XORNADA

(En vigor dende o 1 de abril de 2022)

XUÍCES – 30,61 € (Pista e Ctos. de Galicia/España)

XUÍCES – 24,49 € (Ruta, Trail e Campo a Través)

ASPIRANTES – 15,30 €

DEFINICIÓN DE XORNADA

A xornada contabilizarase dende o inicio oficial da competición segundo o horario da mesma, ou hora de incorporación do xuíz se é posterior ao inicio da competición, ata a finalización do traballo de cada xuíz. A finalización da xornada considerarase dende o momento en que o director de reunión comunica ao xuíz que xa non o require na competición. Nese momento darase a xornada do xuíz por rematada.

A duración máxima da xornada en competicións de pista ou ruta será de 4 horas. En casos excepcionais nos que se supere a dita duración máxima de 4 horas, pagarase a tarifa x 2 aos xuíces implicados en ditas probas.

Nas probas de trail pagarase a tarifa base x 2 en probas con duración maior de 4 horas e a tarifa base x 2,5 en xornadas ininterrompidas de máis de 6 horas.

TARIFAS SEGUNDO POSTO DO XURADO

XUÍZ ÁRBITRO	tarifa base x 2
DIRECTOR DE REUNIÓN	tarifa base x 1,5
DIRECTOR TÉCNICO.....	tarifa base x 2
XUÍZ XEFE CRONOMETRAXE TRANSPONDEDOR.....	tarifa base x 1,5
XUÍZ XEFE EDM.....	tarifa base x 1,5
XUÍZ XEFE MARCHA**	tarifa base x 1,5
PRESIDENTE XURADO APELACIÓN	tarifa base x 1,5
COORDINADOR DE SAÍDAS	tarifa base x 1,5

Sempre que estas tarefas se desenvolvan en toda a súa integridade (incluíndo o envío do informe en tempo e forma) e non supoñan o mesmo traballo que o resto dos membros do xurado, nin estean incluídas nas obrigas xa remuneradas por outros cauces. En caso de



compatibilizarse varios postos, estas cantidades non serán acumulativas e cobrarase a tarifa máis alta de todos os postos nos que actuou o Xuíz na mesma xornada.

De cara ao cálculo de dobre xornada descrito no primeiro apartado, terase en conta as tarifas descritas segundo o posto na táboa anterior, agás cando non se estivera realizando o dito posto durante toda a xornada. Nese caso o exceso de xornada calcularase sobre a tarifa base.

** No caso de que se utilice a aplicación RFEA – CNJ de notificacións de marcha e o secretario de marcha prepare a mesma para a súa utilización, xerando a folia resumen ao rematar a proba, o extra de tarifa base x 0.5 do Xuíz Xefe de marcha compartirase co secretario de marcha.

SUPLEMENTOS PROBAS DE RUTA

- Suplemento de tarifa x 1,5 para as probas de ruta que comecen antes das 8:00 ou rematen despois das 23:00 horas independentemente da súa duración.
- Suplemento de tarifa x 2 para as probas de ruta que rematen despois das 00:00 horas independentemente da súa duración.

FOTO FINISH

XUÍZ XEFE DE FOTO FINISHtarifa base x 2
OPERADOR DE FOTO FINISH EN FORMACIÓNtarifa base

O responsable de foto finish do Comité Galego de Xuíces marcará as directrices a seguir para considerar cando un operador de foto finish está en formación.

DIRECCIÓN TÉCNICA

Adxunto de Dirección Técnica (cando sexa necesario):

- En controis ou Campionatos dunha xornada: Tarifa de Xuíz
- En Campionatos de Galicia ou España de dúas xornadas: Tarifa Director Técnico



DESIGNACIÓNS DO COMITÉ GALEGO DE XUÍCES

Suplemento de 20 € para **XUÍZ ÁRBITRO** e **PRESIDENTE DE APELACIÓN** sempre e cando se reciba o informe correspondente en tempo e forma.

SECRETARÍA DE COMPETICIÓN*

SECRETARIO DE COMPETICIÓNtarifa base x 2

En caso de compatibilizarse con outros postos do xurado por exercer o secretario tamén coma xuíz, estas cantidades non serán acumulativas e cobrarase a tarifa máis alta de todos os postos nos que actuou a persoa na mesma xornada.

*A secretaría de competición é a que se realiza no mesmo lugar e horario que o resto do xurado. As súas tarifas non son reguladas polo CGX e expóñense neste documento a título informativo.

NORMATIVA DE DESPRAZAMENTO EN COCHE

Cando se despracen xuíces da mesma delegación haberán de facelo xuntos, salvo casos especiais e previa consulta. Os desprazamentos pagaranse en función da quilometraxe realizada.

O xuíz que leva o coche terá que facilitar a recollida e o retorno ao seu domicilio dos xuíces que o acompañan, especialmente se a saída é anterior ás 8:00 ou a chegada é máis tarde das 22:00 horas.

A viaxe de volta debera iniciarse inmediatamente tras o remate da xornada de todos os xuíces do vehículo, agás que por unanimidade dos ocupantes do vehículo se acorde outra decisión.

Os xustificantes de pago hai que envialos á FGA con data límite o mércores seguinte da competición. De non facelo nese prazo perderase o dereito a cobralo, salvo xustificación debidamente documentada.



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



NORMATIVA ALOXAMENTO

Os aloxamentos de xuíces para aquelas competicións nas que sexa necesario serán xestionados polo Comité Galego de Xuíces. Non se aboarán reservas ou xestións feitas de xeito particular, sen aprobación do Comité Galego de Xuíces.



TARIFAS DE DESPRAZAMENTO EN COCHE (entre delegacións)

Aboarase o desprazamento a 0,19€/km e as peaxes de autoestrada (obrigatorio a presentación dos tickets)

Ademais, co fin de incentivar e valorar o movemento de xuíces entre delegacións, aboaranse as seguintes cantidades aos xuíces que se desprazan a cubrir xurados de outra delegación:

Quilometraxe percorrida (ida e volta)*	Ocupante do vehículo	Conductor do vehículo**
Ata 200 km	9€	18€
De 201 km a 400 km	18€	36€
Máis de 400 km	27€	54€

**A quilometraxe a ter en conta para o suplemento do cadro anterior será a marcada por Google Maps na ruta máis rápida entre a sede da delegación do xuíz e a sede da competición.*

***A tarifa diferenciada para o conductor do vehículo é un suplemento temporal debido aos altos custos do combustible en 2022 e pode ser revisado (ou retirado) en calquera momento pola FGA tendo en conta a evolución das circunstancias que motivaron a súa incorporación.*

TARIFAS DE MANUTENCIÓN

O organizador deberá proporcionar as comidas a todos os membros do xurado, especialmente en probas con xornadas de mañá e tarde ou de varios días.

En caso de que non se proporcione a comida por parte do organizador, terase dereito a reembolsar os gastos de comida ou cea en competicións de mañá e tarde ou cando non sexa posible a chegada ao lugar de procedencia antes das 15.00 no caso das comidas ou das 23:30 no caso das ceas.

Nos casos descritos no punto anterior, aboarase ata 15€ por comida ou cea sempre mediante a presentación de recibos/tickets.



Complexo Deportivo de Elviña, Avenida de Glasgow, 13
15008 A Coruña. - T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal
atletismo.gal - carreirasgalegas.com



NOTA FINAL

Este documento reflexa as tarifas e normativas relacionadas cos postos do xurado xestionados polo CGX. Outros postos ou cargos dunha competición federada non compete ao CGX a súa regulación e polo tanto son decididas directamente pola Federación Galega de Atletismo ou outro organismo con control sobre a competición.